

«Castelao»: un poema inédito de Lorenzo Varela

Xosé Gregorio Ferreiro Fente

Sempre que se fala dun escritor co obxecto de apprehender o seu labor creador, resulta aconsellable, como procedemento interpretativo, facer referencia á realidade histórico-social na que se desenvolveu e ó seu grao de implicación na mesma. Agora ben, se de quen se fala é de Lorenzo Varela, esta vía de coñecemento, máis ca aconsellable, parece obrigada, pois a realidade convértese en *modus vivendi* e a implicación en compromiso.

Non obstante, queda fóra da nosa intención (tampouco é esta a ocasión) facer memoria fiel dos acontecementos que máis teñen influído en Lorenzo Varela poeta, aínda que o cometido perseguido –a edición dun poema– en certa medida nolo impoña. Por iso mesmo, unicamente contextualizaremos o poema que agora editamos, e daremos un carácter marxinal a outro tipo de datos biográficos, que alguén, para unha mellor comprensión do asunto aquí tratado, puidera reclamar¹.

Dúas son as conclusións ás que calquera interesado polo labor creador de Lorenzo Varela chega despois dunha análise global, pero certa, da súa figura: unha, é un poeta de vocación prematura (e frustrada); e dúas, a súa produción poética en galego resulta inexplicable sen a mediación, incentivadora e conductora, de Luís Seoane.

En efecto, os testemuños dalgúns coetáneos seus lémbrennos unha etapa xuvenil, a de Lugo e Madrid, na que a musa poética xa desacougaba o seu espírito, lírico e revolucionario ó mesmo tempo. Pero ata o inicio da Guerra Civil o produto do seu xenio creador non terá soporte impreso, o que lle proporcionan revistas periódicas como *El Mono Azul* ou volumes colectivos como *Poetas en la España leal* (1937)².

1. Xesús Manuel Lorenzo Varela Vázquez nace o 10 de agosto de 1916 en La Habana. Entre esta cidade e Buenos Aires transcorre toda a súa infancia, ata que en 1931 se traslada, acompañado dos seus pais, a Galicia. En Lugo estudia o bacharelato e entra en contacto coas Mocedades Galeguistas. Son desta etapa, igualmente, a amizade con Ramón Piñeiro e os primeiros intentos de creación poética, dos que só temos noticias. En 1934 asenta en Madrid. Tralo inicio da Guerra Civil destaca pola súa participación decidida a favor do bando fiel á IIª República, experiencia bélica que lle serve de inspiración de poemas de circunstancias (en castelán), que ven a luz en publicacións varias. En 1939 colle o camiño do exilio, primeiro a Francia, logo a México e, definitivamente, a Buenos Aires, en 1941, onde traballa no grupo nucleado por Luís Seoane. O seu pasamento ocorre en Madrid o 25 de novembro de 1978, dous anos despois de ter regresado do exilio.

2. Pilar Vázquez Cuesta, «Literatura gallega», en J. M. Díez Borque, *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas*, Madrid: Taurus, 1980.

Son poemas de circunstancias para os que os conflictivos sucesos da guerra constitúen, ademais do motor inspirador, o único escenario recreado.

Sen embargo, os froitos realmente importantes desta especial, e incipiente, facilidade para a expresión en verso aínda están por chegar, precisamente cando, rematada e perdida a guerra, inicia o camiño do exilio.

A partir deste momento o seu proceso creador proxéctase a través de dous camiños lingüística e culturalmente distintos. O primeiro, continuador do camiño seguido ata entón, correspóndese coa publicación de *Elegías Españolas* (1940)³ cando só tiña vinte e catro anos, e de *Torres de Amor* (1942)⁴, que constitúen o groso do labor poético de Lorenzo Varela en lingua castelá, labor ó que unicamente hai que engadir unha vintena máis de poemas, compostos salteadamente en distintos momentos da súa vida.

O segundo, o camiño aínda non descuberto da literatura galega, é polo que transitará levado da man de Luís Seoane, íntimo amigo no persoal, e acicate e conductor de toda a súa obra poética en galego⁵, a saber: *Catro poemas pra catro grabados* (1944)⁶, *Lonxe* (1954)⁷ e oito poemas máis, editados, maioritariamente, en diversas publicacións periódicas.

A contribución de Lorenzo Varela ás literaturas galega e castelá non é, pois, cuantitativamente extensa, fenómeno que contrasta coa xa apuntada vocación poética prematura e coa boa feitura, musicalidade e estilo resolto de case a totalidade da súa obra⁸. As causas deste «desequilibrio» hai que buscalas, con toda seguridade, en razóns de carácter espiritual, relacionadas con sentimentos de frustración pola guerra perdida e os proxectos malogrados que daquel feito se derivaran. O testemuño máis esclarecedor, respecto deste e outros asuntos arriba indicados, é o que ofrece Luís Seoane nunha carta dirixida a Isaac Díaz Pardo o 14 de decembro de 1978, pouco tempo despois da morte de Lorenzo Varela, e da que escollemos unicamente un pequeno parágrafo, que transcribimos:

En los últimos años de Buenos Aires había renunciado (Lorenzo Varela) a bastantes ideas sostenidas casi desde su adolescencia y a proyectos, algunos

3. Lorenzo Varela, *Elegías españolas*, Mexico: Editorial Guerra Literaria, 1940.

4. Lorenzo Varela, *Torres de Amor*, Buenos Aires: Editorial Nova, ilustracións de Luís Seoane, 1942.

5. Xosé Gregorio Ferreiro Fente, «Luís Seoane, acicate literario: o caso de Lorenzo Varela», relatorio lido no IV Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos, Oxford (1994, pendente de publicación).

6. Lorenzo Varela, *Catro poemas galegos*, Buenos Aires: Editorial Argentina de Música, gravados de Luís Seoane, música de Julián Bautista e versión ó inglés de William Shand, 1951.

En realidade, trátase de catro poemas que acompañan ó álbum de gravados de Luís Seoane *María Pita e tres retratos medioevales*, Buenos Aires: Ediciones Resol, 1944. Existe unha segunda edición, de 1951, titulada *Catro poemas galegos*, Buenos Aires: Editorial Argentina de Música, pero neste caso engádeselles a versión ó inglés de William Shand e a música do tamén exiliado Julián Bautista.

7. Lorenzo Varela, *Lonxe*, Buenos Aires: Ediciones Botella al Mar, con ilustracións de Luís Seoane, 1954.

8. O corpus poético coñecido de Lorenzo Varela está publicado integramente en *Homaxes*, edición e limiar de Luís Seoane, A Coruña: Edicións do Castro, 1979; e en *Poesía. Torres de Amor. Catro poemas pra catro Grabados. Homenaje a Picaso*, edición e limiar de Rafael Dieste, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1979. Fóra destas dúas edicións foi publicado o poema «Iste é o cristo da liberdade», ata entón inédito, en Isaac Díaz Pardo, *Galicia hoy y el resto del mundo*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1987, pp. 87-89. Existe unha edición recente da súa poesía en galego en Lorenzo Varela, *Poesía galega*, edición de X. Carlos López Bernárdez, Vigo: Edicións Xerais, 1990.

de los cuales pensábamnos realizar juntos, que teníamos desde que «mátamos», se puede decir así, *Correo Literario* hasta sus casi últimos días de Buenos Aires. Fuimos como hermanos. El conocía muy bien mi carácter y yo el suyo y emprendimos muchas obras juntos. Lo que publicó de poesía aquí fue debido sobre todo a instancias mías, como lo saben quienes trabajaron con él y conmigo: Girri, Larralde, Cuadrado... Luego se negó rotundamente a publicar nada que no fuese al servicio de un amigo, un prólogo ou un poema que lo sustituía. Fue una de las naturalezas más nobles y tiernas que conocí (p. 243)⁹.

A obra en galego, coñecida, de Lorenzo Varela compóñena un total de vintedous poemas, repartidos, como se dixo, entre dous poemarios e oito poemas soltos, número que (pobremente) incrementamos agora con unha composición máis titulada «Castelao».

Foi habitual en Lorenzo Varela a composición de poemas, tanto en galego coma en castelán, en honor ou recordo de amigos e persoas que pola súa actividade (política, artística, literaria...) merecesen un loureiro poético. Parece por iso lóxico que Castelao, inspirador de miles de versos, inflamase o nume lírico do noso poeta. E ocorre en dúas ocasións, en decembro de 1969¹⁰ e en febreiro de 1970, e en ámbolos casos con títulos homónimos.

O poema que exhumamos hoxe foi atopado no arquivo do domicilio coruñés de D^a Maruxa Seoane, viúva de Luís Seoane, entre outros documentos e textos xa coñecidos de Lorenzo Varela, o que nos fai supoñer que o gran pintor galego —unha vez máis— foi parte activa na súa nacementa. De feito, existe unha carta do 19 de abril de 1970 na que, desde A Coruña, se queixa por non ter recibido «tu poema de Castelao» (p. 549)¹¹. Resulta estraño, sen embargo, que Luís Seoane non incluíse este poema no libro-homenaxe *Homaxes* cando preparou a súa edición, problema este que non soubemos resolver.

O poema Castelao, dado que está integramente mecanografado, non presenta dificultades textuais, agás dúas correccións con letra autógrafa, que oportunamente anotaremos. Tampouco a súa autoría suscita problemas xa que, como no caso das correccións, o autor escribe tamén con letra autógrafa ó final do poema a súa sinatura e o lugar e a data de composición.

9. Xesús Alonso Montero, *As palabras no exilio: Biografía intelectual de Luís Seoane*, Vigo: Edicións Xerais, 1994.

10. Nesta data escribe o soneto «Castelao», editado en *Castelao na voz dos poetas*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1970. Nesta primeira edición do poema o primeiro verso do primeiro terceto («Unha nova Galicia sen cadea») foi suprimido pola censura.

11. Cando editamos esta carta en 1992, descoñecedores da existencia deste poema, en nota a pé de páxina identificamos, sen vacilacións, esta referencia epistolar co soneto «Castelao», que se publicou, como xa se dixo, poucos meses despois da data de redacción da carta, no libro *Castelao na voz dos poetas*. Debemos supoñer, polo tanto, que Isaac Díaz Pardo, directamente ou por mediación de Luís Seoane, lle solicitara a Lorenzo Varela nos últimos meses de 1969 un poema para incluílo no mesmo. Así, este compón dous poemas distintos en datas moi próximas e envía, despois dos requirimentos epistolares de Luís Seoane, o soneto «Castelao», deixando apartado, por motivos que descoñecemos, o que agora editamos. V. Xosé Gregorio Ferreiro Fente, «Once cartas a Lorenzo Varela: seis de Luís Seoane e cinco de Ernesto Sábato», *Grial*, 116, 1992.

Irmán,
olla por nós.
Dende o vento do alén,
olla por nós, irmán.

Irmán¹²,
Sigue dándonos hoxe, como cando vivías,
un rir que estale en lóstregos
de liberdade e de xusticia.

Irmán,
olla por nós.
Dános hoxe tamén a forza enxebre
pra loita xerminial de cada día.
Até que a nosa sangue acenda
labaradas en guerra contra a morte,
lumieiras que canten nos outeiros
os poderes da fouce i-os poderes da frol,
os poderes do pranto, do traballo e do pan,
i-os poderes da pólvora viva
que nos arreventa no corazón.

Irmán,
dende a nova semente dos teus eidos
as mocedades d'ouro que soñarás¹³,
olla por nós, irmán, irmán.

Lorenzo Varela, Buenos Aires
Febreiro, 1970

Xosé Gregorio Ferreiro Fente
Santiago de Compostela

12. Está escrito con letra do autor na marxe dereita do folio e cunha liña indicadora da súa localización no poema.

13. Este verbo aparece escrito, tamén con letra do puño do autor, como «sonharas» (sic). Por coherencia con outras formas do poema («traballo» v. 17), cambiamos a grafía.